

Resolución do 09 de xuño de 2021, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en económicas resultante do período de actualización, convocado por resolución do 20 de setembro de 2019 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2019), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en económicas resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 20 de setembro de 2019 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2019) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en económicas, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 20 de setembro de 2019 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2019).

Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en económicas, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 20 de setembro de 2019 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2019) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Terceiro.-Emendas.

Os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante o Consello de Administración de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Todas as emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as, só poderán ser presentadas:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h, e os venres de 9:00h a 14:00h.
- de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.
- como medida excepcional, en atención ás actuais circunstancias derivadas da pandemia provocada pola COVID 19, tamén se aceptarán as emendas e/ou reclamacións presentadas nas Oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da súa presentación, remitir vía email, á dirección seleccion@epseaga.com, acreditación de dita presentación, que comprenda tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da documentación remitida).

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 14 de xuño de 2021 (inclusive).

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, 09 de xuño de 2021.

A Presidenta da Comisión de Selección

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.

